



concurso de recetas

CONCURSO

RECETAS CON HISTORIA



OS MELLORES MOMENTOS
SON OS QUE SE COMPARTEN.



HAI RECORDOS DA INFANCIA QUE NUNCA SE ESQUECEN...



O proxecto

As avoas e os avós son as persoas de quen máis aprendemos a pertenza a unha familia, por eles coñecemos boa parte da nosa historia, tradicións e moitas lembranzas que nos fan máis fortes. As súas historias, a comida, a convivencia en xeral, espertan os nosos sentimentos máis entrañables.

Os avós nos escoitan, dan consellos e apoian en todo, os mellores compañeiros de xogos, cómplices e refuxios do perfecto cando necesitamos coidados con amor e comprensión.

Tamén son sabedoría que debemos aproveitar para medrar como mellores seres humanos, son confidentes e verdadeiros amigos. A eles, os netos lles dan un motivo para vivir con intensidade. É importante promover a convivencia dos nenos cos avós e permitir esa boa relación.

Desde Arume queremos renderlle neste curso un tributo especial a esta figura tan representativa e referencial da familia como son os nosos queridos avós.

Os obxectivos buscados son:

- Dar importancia ás receitas tradicionais transmitidas de xeración en xeración.
- Coñecer a historia familiar a través dos alimentos.
- Recoñecer a figura e o labor das avoas e avós na familia.
- Facerlles ás avoas e aos avós partícipes das actividades educativas no momento do comedor, valorando os coñecementos aprendidos ao longo da súa vida.

Os beneficios que leva involucrar ós/ás nosos/as nenos/as no complexo mundo da alimentación sá e equilibrada relaciónase directamente co comezo do desenvolvemento de todos os seus sentidos: o tacto, o olfato, o gusto, a vista e a audición; por iso, a partir dos tres anos, podemos animalos a explorar o mundo da cociña xunto con eles e así axudalos no seu proceso de aprendizaxe.



Estimada familia

Dende Arume, gustaríanos invitalos a participar no concurso “**Receitas con Historia**”. Onde queremos unir anédoctas ou relatos familiares con receitas de cociña que acompañen eses recordos.

Os/as avós/avoas son de quen coñecemos a pertenza á familia. Por eles sabemos parte da nosas tradicións e moitas lembranzas das que aprendemos sobre o mundo.

Eles, teñen moito que ensinar ás novas xeracións, e o coñecemento culinario é unha boa maneira de facelo. ¡Non existen mellores receitas que os que preparan os nosos maiores! Con só nomealas é inevitable que nos inunden os **recordos**, os **sabores** e os **cheiros**. Con este proxecto animámosvos a axudar a que os nenos e as nenas experimenten e disfruten destas lembranzas.

Esta vez, queremos saber cales son as receitas que se levan na memoria, que son típicas da familia, que nos saben a “casa” e que nos trasladan e fan voar a nosa imaxinación.

• ***Características das receitas participantes:***

Para poder participar terán que cubrir a seguinte ficha e entregala no comedor do centro ou enviala o seguinte enderezo electrónico, comedores@foanpas.com entre o **12 e o 22 de abril de 2024**.

Pódese participar con calquera tipo de receita caseira (sexa un primeiro prato, segundo prato). A receita deberá incluír os ingredientes, e o proceso de elaboración, así como a historia ligada á mesma.

~ As avoas e avós que gañen o concurso serán convidados a xantar no comedor escolar o venres 24 de maio ~



Escola:

Nome e apelidos do avó/avoa:

Nome e apelidos do neno/nena:

Curso: Teléfono:

Nome da receta:

Ingredientes para Catro persoas:

.....
.....
.....
.....

Elaboración da receta e tempos:

.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....

Historia da receta, tradición ou lembranza familiar:

.....
.....
.....

O toque de máxico:

.....
.....
.....

